


MEMORIA 20 / 21



EDIUS

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO

*Escola Internacional de
Doutoramento*

I. INTRODUCCIÓN

Esta memoria contén a actividade desenvolvida na Escola de Doutoramento Internacional da Universidade de Santiago de Compostela (EDIUS) durante o curso académico 2020/2021. Este curso estivo marcado pola recuperación paulatina da normalidade académica en relación coa incidencia da pandemia da COVID-19. Importantes actividades colectivas, como as Xornadas de Benvida, puidéronse xa celebrar de xeito presencial, pero outras actividades clave da EDIUS, como as defensas de teses de doutoramento, a formación transversal ou as estadias de investigación recuperaron pouco a pouco o formato presencial. Cabe sinalar, con todo, que moitos procedementos online postos en marcha no curso anterior para facer viable o funcionamento da EDIUS e dos diferentes procesos académicos e administrativos de doutoramento durante a pandemia mantéñense na actualidade, dispoñendo agora a Escola de Doutoramento e os diferentes colectivos que a integran dunha maior variedade de ferramentas para levar a cabo as súas funcións e actividades académicas.

No desenvolvemento do curso 2020/2021 cabe destacar varios aspectos. A oferta formativa reforzouse cun novo Programa de Doutoramento en Turismo. Tamén se avanzou notablemente na formación transversal ofrecida ao alumnado da Escola, con novas actividades sobre temáticas demandadas previamente polo colectivo, aumentando o número de cursos ofertados de xeito non presencial e en inglés. Outro aspecto destacado foi a celebración online do VIII Encontro da Mocidade Investigadora, que mantivo dentro do posible o programa e formato orixinais e que contou cunha ampla participación, destacando a de doutorandos/as estranxeiros.

Por último, ao longo deste curso académico desenvolveuse o proceso de renovación da acreditación dun número significativo dos programas de doutoramento que compoñen a oferta académica de doutoramento coas visitas das diferentes comisións avaliadoras, o que implicou unha minuciosa revisión de toda a actividade levada a cabo por estes programas entre os cursos 2013/2014 e 2019/2020. Ademais, a Axencia de Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG) emitiu informe favorable á renovación da acreditación dos programas de doutoramento de Enxeñaría Química e Ambiental, Investigación Básica e Aplicada en Ciencias Veterinarias, e Matemáticas, que se presentaron á convocatoria piloto de acreditación durante o curso anterior. Este resultado positivo avala a calidade destes programas e constitúe un éxito compartido das súas coordinacións e comisións académicas, do alumnado e os seus directores/as, titores/as, así coma persoal docente e investigador e de administración dos programas.

II. ACTIVIDADE ACADÉMICA

1) OFERTA DE PROGRAMAS DE DOUTORAMENTO

No curso 2020/2021 comezou a impartirse o novo programa de doutoramento en Turismo, unha vez cumpridos todos os trámites de verificación, aprobación e autorización deste. Este Programa ven cubrir a crecente demanda de especialistas neste ámbito de coñecemento, e con el complementábase o itinerario formativo, que contaba xa co Máster en Turismo Urbano e Xestión de Empresas Turísticas.

O profesorado do programa está conformado por persoal investigador dos Departamentos de Economía Aplicada, Economía Financeira e Contabilidade, Fundamentos de Análise Económico, Organización de Empresas e Comercialización, Didácticas Aplicadas, Xeografía, Filoloxía Galega que forman parte de diversos grupos de investigación recoñecidos pola Xunta de Galicia e que contan cunha ampla traxectoria docente e investigadora desenvolta nas Facultades de Ciencias Económicas e Empresariais, de Educación, de Xeografía e Historia, e de Filoloxía. O coordinador do programa é o Profesor Xosé Manuel Santos Solla.

A incorporación deste Programa á oferta académica implicou que no curso 2020/2021 se ofertasen 54 programas desde a EDIUS, con 842 prazas para alumnado de novo ingreso.

A información sobre cada un dos programas de doutoramento proporciónase na páxina [web oficial de titulacións](https://www.usc.gal/gl/estudos/doutoramentos) da USC (<https://www.usc.gal/gl/estudos/doutoramentos>). Nela explícanse as condicións de admisión, a organización e actividades formativas propias, as liñas de traballo que se ofrecen ao alumnado e os equipos de investigación que participan no programa, ademais de datos de contacto e outras informacións de interese.

Táboa 1. *Oferta de prazas de novo ingreso nos Programas de doutoramento (PDs) no curso académico 2020/2021.*

PROGRAMA DE DOUTORAMENTO EN	Prazas ofertadas	Solicitudes admisión	Solicitudes admitidas	Matrícula
Avances en Bioloxía Microbiana e Parasitaria	12	2	1	1
Biodiversidade e Conservación do Medio Natural	7	7	7	5
Ciencia e Tecnoloxía Química	50	30	27	25
Ciencia de Materiais	20	17	15	14

PROGRAMA DE DOUTORAMENTO EN	Prazas ofertadas	Solicitudes admisión	Solicitudes admitidas	Matrícula
Energías Renovables e Sustentabilidade Enerxética	15	15	9	8
Estatística e Investigación Operativa	8	6	5	3
Física Nuclear e de Partículas	25	22	19	16
Láser, Fotónica e Visión	6	2	2	2
Matemáticas	10	10	6	5
Medio Ambiente e Recursos Naturais	20	11	7	6
Ciencias Agrícolas e Medioambientais	19	25	17	9
Ciencias Mariñas, Tecnoloxía e Xestión	10	6	5	5
Avances e Novas Estratexias en Ciencias Forenses	12	5	2	2
Ciencias Odontolóxicas	15	19	17	15
Endocrinoloxía	15	12	10	7
Epidemioloxía e Saúde Pública	15	18	7	7
Innovación en Seguridade e Tecnoloxías Alimentarias	15	6	5	5
Investigación Básica e Aplicada en Ciencias Veterinarias	14	8	8	8
Investigación e Desenvolvemento de Medicamentos	20	24	16	14
Investigación Clínica en Medicina	30	55	30	30
Medicina e Sanidade Veterinaria	16	6	6	5
Medicina Molecular	40	31	28	27
Neurociencia e Psicoloxía Clínica	18	21	13	11
Ciencias da Visión	6	3	3	3
Psicoloxía do Traballo e as Organizacións, Xurídica-Forense e do Consumidor e Usuario	10	5	3	3
Comunicación e Información Contemporánea	20	26	20	12
Dereito	18	39	18	17
Desenvolvemento Rexional e Integración Económica	10	23	11	10
Economía e Empresa	25	84	26	25
Educación	20	48	20	19
Equidade e Innovación en Educación	10	21	10	9
Marketing Político, Actores e Institucións nas Sociedades Contemporáneas	22	36	23	17
Procesos Psicolóxicos e Comportamento Social	10	11	4	3
Análise Económica e Estratexia Empresarial	12	37	8	7
Desenvolvemento Psicolóxico, Aprendizaxe e Saúde	12	10	4	4
Turismo	10	17	10	8
Programa de Doutoramento en Enxeñaría para o Desenvolvemento Rural e Civil	21	9	6	3
Enxeñaría Química e Ambiental	15	17	15	15
Investigación Agraria e Forestal	20	7	6	5

PROGRAMA DE DOUTORAMENTO EN	Prazas ofertadas	Solicitudes admisión	Solicitudes admitidas	Matrícula
Investigación en Tecnoloxías da Información	20	26	17	17
Enxeñaría Termodinámica de Fluídos	2	1	1	0
Métodos Matemáticos e Simulación Numérica en Enxeñaría e Ciencias Aplicadas	9	3	3	3
Xestión Sustentable da Terra e do Territorio	10	4	2	2
Estudos da Literatura e da Cultura	20	18	8	7
Estudos Ingleses Avanzados: Lingüística, Literatura e Cultura	14	14	4	4
Estudos Medievais	13	9	9	6
Filosofía	10	11	10	9
Historia Contemporánea	20	15	14	13
Historia, Xeografía e Historia da Arte	30	46	33	29
Lingüística	10	14	8	6
Lóxica e Filosofía da Ciencia	6	2	2	2
Textos da Antigüidade Clásica e a súa Pervivencia	6	2	2	2
Estudos Culturais: Memoria, Identidade, Territorio e Linguaxe	14	16	16	11
Protección do Patrimonio Cultural	5	6	3	1

2) DOUTORANDOS/AS MATRICULADOS

No curso 2020/2021 matriculáronse na USC 2726 estudantes de doutoramento, o que confirma o mantemento da matrícula nos programas, malia a pandemia de COVID-19, e unha vez desaparecido o efecto estatístico de subida do número de doutorandos/as que supuxo ata agora a matrícula do grupo que iniciara a súas teses en programas anteriores ao RD 99/2011 (Figura 1).

Por ramas de coñecemento (Figura 2) as de Ciencias da Saúde e Ciencia e Enxeñarías son as que tiveron máis alumnado matriculado, con 867 e 664 estudantes, respectivamente. O alumnado foi tamén numeroso na grande área de Ciencias Sociais e Xurídicas (618) e algo menos na de Artes e Humanidades (547).

Figura 1. Doutorandos/as matriculados por curso académico.





Figura 2: Doutorandos/as matriculados por curso e rama de coñecemento.



A proporción de estudantes de doutoramento procedentes do estranxeiro continuou o seu avance malia a pandemia, representando xa o 29,3% do alumnado con presenza matrícula ordinaria de doutoramento, o que convirte á EDIUS no Centro con maior destes estudantes na USC. É positivo que a proporción de estudantes estranxeiros siga aumentando, corroborando o atractivo dos nosos estudos de doutoramento atopándose por riba da media española, que é do 26% aproximadamente.

Entre o alumnado estranxeiro, o grupo máis numeroso é o orixinario de Portugal (160), seguido polos de Ecuador (72), Brasil (70), México (49), Colombia (37), Venezuela (34),

Italia (33) e Xordania (23). O alumnado estranxeiro cursa sobre todo programas das ramas de Ciencias Sociais e Xurídicas e de Ciencias e Enxeñaría; no primeiro caso, procede de Portugal e Iberoamérica mentres que no segundo a procedencia é máis diversa xa que depende das relacións e convenios internacionais dos programas de doutoramento.

Figura 3. *Procedencia dos doutorandos/as matriculados.*





Figura 4. *Evolución da realización da tese a tempo completo e a tempo parcial e mixto.*



Os datos do tipo de dedicación (Figura 4) dos doutorandos/as indican que no curso 2020/2021 un 64,6% do grupo realizaba os seus estudos de doutoramento a tempo


completo (1761 estudantes) e o 33,0% a tempo parcial (899), mentres que o resto se atopaban nunha dedicación de tipo mixto (66), situándose o tempo de duración promedio dos estudos de doutoramento en 4 anos, 8 meses e 13 días. No cómputo está incluído o alumnado tanto a tempo completo como parcial, de aí o tempo relativamente longo para realizar o doutoramento.

Desde a EDIUS segue poñéndose moita énfase en que os doutorandos/as elixan con coidado a modalidade de dedicación, especialmente aqueles/as que fan a tese sen financiación e combinándoa con outra actividade. Para este grupo semella máis indicada a modalidade a tempo parcial, sempre e cando cumpran os requisitos establecidos para iso no Regulamento de Estudos de Doutoramento, xa que lles permite facer a tese en 5 anos (máis a posibilidade das prórrogas contempladas no RD99/2011).

3) TESES DE DOUTORAMENTO DEFENDIDAS

Desde o inicio do curso 2016/2017 defendéronse na USC 1216 teses. O seguinte gráfico representa a súa evolución e distribución por rama de coñecemento (Figura 5).

Figura 5. Teses defendidas por curso e rama de coñecemento.



No curso 2020/2021 defendéronse 330 teses de doutoramento, 66 en Ciencias (20%), 112 en Ciencias da Saúde (34%), 70 en Ciencias Sociais e Xurídicas (21%), 24 en Enxeñerías (7%), e 58 en Artes e Humanidades (18%). As realizadas en modalidades especiais –en cotutela, con mención internacional ou mención industrial– supoñen o 37,3% do total,

sendo a maioría teses que optan á mención internacional (105, 31,8%). Debido á incidencia da COVID-19 as defensas empregando algún sistema de videoconferencia foron maioritarias durante a primeira parte do curso, defendéndose 259 das 330 teses presentadas no curso 2020/2021 totalmente virtual e semipresencial, o 78,5% do total. A evolución da pandemia permitiu a recuperación progresiva das defensas presenciais na segunda metade do curso académico. Cabe recordar, en todo caso, que a defensa non presencial mantense como alternativa para facilitar as configuracións dos tribunais e flexibilizar o propio acto de defensa en si mesmo.

4) PREMIOS EXTRAORDINARIOS DE DOUTORAMENTO

Todos os cursos académicos as mellores teses defendidas durante o curso precedente son distinguidas co Premio Extraordinario de Doutoramento. Segundo a proposta definitiva aprobada no Consello de Goberno do 25 de febreiro de 2021, para o curso 2018/2019 concedéronse 32 premios co seguinte reparto: 11 na rama de Ciencias da Saúde, 7 na de Ciencias, 5 na de Artes e Humanidades, 6 na de Ciencias Sociais e Xurídicas, e 3 na de Enxeñaría e Arquitectura. A relación completa dos premiados/as pode consultarse na nosa [páxina web](#).

III. FORMACIÓN

1) ACTIVIDADES TRANSVERSAIS

A oferta de actividades transversais da EDIUS, tanto as xerais como aquelas máis dirixidas a unha grande área de coñecemento en concreto, enfócase para facilitar aos doutorandos a adquisición das competencias, habilidades e destrezas necesarias para participar de xeito activo na sociedade do coñecemento e desenvolverse con éxito nun mercado de traballo complexo e cambiante. Durante o curso académico 2020/2021 consolidáronse os diferentes módulos nos que se estrutura esta oferta (Táboas 2 e 3).

Táboa 2: *Actividades formativas transversais xerais da EDIUS para doutorandos/as.*

ACTIVIDADES TRANSVERSAIS XERAIS			
MÓDULO 1: Competencias en información e recursos			
Recursos e fontes de información para a investigación (1ª edición)	30	30	83
Publicar os resultados da investigación, visibilidade e impacto	30	30	55
Revisión sistemática da literatura e análise bibliométrica con VOSviewer	50	50	4
MÓDULO 2: Competencias en comunicación, divulgación e xestión do tempo	Prazas ofertadas	Matriculados	Lista de agarda
Taller de xestión do tempo e do estrés na etapa de tese (Santiago)	20	19	72
Taller de xestión do tempo e do estrés na etapa de tese (Lugo)	30	25	0
Técnicas de Oratoria e presentacións eficientes			
Divulgación e visibilidade social da investigación	40	40	16
Ideación e creación de recursos audiovisuais para a investigación	20	19	14
Deseño e edición de materiais para presentacións escritas	20	17	4
Infografías e póster de divulgación científica	20	20	42
Como escribir un artigo científico	210	210	0

ACTIVIDADES TRANSVERSAIS XERAIS			
MÓDULO 3: Competencias en investigación, innovación e transferencia	Prazas ofertadas	Matriculados	Lista de agarda
Como preparar unha carreira académica	82	81	1
Patentes e propiedade intelectual: Humanidades, Sociais e Xurídicas			
As patentes como elemento de valor estratéxico: Ciencias e Enxeñarías	26	26	19
Propiedade industrial e transferencia de tecnoloxía	20	19	1
Valorizar e transferir os resultados de investigación			
Protección de resultados de investigación en Ciencias Sociais e Humanidades	51	48	2
Saídas profesionais. Que facer co meu doutorado	161	161	0
MÓDULO 4: Tratamento e modelización da información territorial	Prazas ofertadas	Matriculados	Lista de agarda
Tecnoloxías de análise de información xeo-espacial para a investigación.	57	52	1
Introdución ao manexo e visualización de datos espaciais con R	20	15	0
Introdución á xeostatística en R	20	15	0
Introdución á análise espacial e á econometría espacial con R	27	26	0
Introdución ao manexo de imaxes espaciais e a súa aplicabilidade ambiental	21	18	0
MÓDULO 5: Competencias en análise de datos e modelización	Prazas ofertadas	Matriculados	Lista de agarda
Bloque Básico			
Introdución a R, estatística e visualización	20	20	30
Introdución a R (Lugo)	22	22	0
Estatística científica con algoritmos de R	27	26	0
Introdución á regresión	20	20	29
Introdución á programación de análises empíricos con R	20	20	49
Bloque avanzado (Programados en R)			
Análise descritiva e inferencia non paramétrica	20	20	22
Introdución a Data Science: Fluxos de traballo e principios de programación	50	47	2
Data Science e Machine Learning: da regresión ás redes neuronais	40	39	1
Bases de datos			
Manexo e xestión de bases de datos en Ciencias Experimentais e da Saúde	24	22	0

Base de datos relacionais e non relacionais para investigación en Artes e Humanidades, Ciencias Sociais e Xurídicas	20	20	19
MÓDULO 6: Competencias en perspectiva de xénero, ética e igualdade na I+D+i	Prazas ofertadas	Matriculados	Lista de agarda
A perspectiva de xénero como modelo de coñecemento	50	18	0
A integridade na ética e na investigación	43	39	20

Táboa 3. *Actividades formativas transversais sectoriais da EDIUS para doutorandos/as.*

CIENCIAS E ENXEÑARÍAS			
MÓDULO 5: Competencias en análise de datos e modelización	Prazas ofertadas	Matriculados	Lista de agarda
Curso avanzado de Ecuacións en Derivadas Parciais (caEDPs)	30	18	0
163 ESGI: European Study Group with Industry (Básico)	20	13	0
163 ESGI: European Study Group with Industry (Avanzado)	20	2	0
Curso práctico en técnicas cromatográficas combinadas con espectrometría de masas	12	12	19
MÓDULO: Seminarios e conferencias de Ciencias e Enxeñarías	Prazas ofertadas	Matriculados	Lista de agarda
Detección ambiental del Coronavirus. Una visión tecnológica y epidemiológica	ND	ND	ND
Modelos "in silico" en radioterapia: dous exemplos de modelos de resposta tumoral e toxicidade	ND	ND	ND
Extraction of chitin from natural sources using ionic liquids	ND	ND	ND
Empowering hybrid twins from physics-informed artificial intelligence	ND	ND	ND
Mesa redonda: 'Todo lo que siempre quisiste saber sobre las ayudas postdoctorales y nunca te atreviste a preguntar'	ND	ND	ND
Aplicación de la metodología de Análisis de Ciclo de Vida	ND	ND	ND
Microcontaminantes en Aguas Residuales	ND	ND	ND
Introducción al Bitcoin. Welcome to the Rabbothole	ND	ND	ND
Detección de glitches en videojuegos mediante Convolutional Neural Networks (CNNs)	ND	ND	ND
Deep Learning for PDEs	ND	ND	ND

CIENCIAS DA SAÚDE			
MÓDULO: Seminarios e conferencias de Ciencias da Saúde	Prazas ofertadas	Matriculados	Lista de agarda
Modelos "in silico" en radioterapia: dous exemplos de modelos de resposta tumoral e toxicidade	ND	ND	ND
ARTES e HUMANIDADES-CIENCIAS SOCIAIS E XURÍDICAS			
MÓDULO 2: Competencias en comunicación, divulgación e xestión do tempo	Prazas ofertadas	Matriculados	Lista de agarda
Redacción de textos académicos: aspectos estilísticos, editoriais e de propiedade intelectual	50	50	42
Socimetría. Análisis de Redes Sociales	25	18	0
Recursos e fontes de información para a investigación	26	24	3
MÓDULO 5: Competencias en análise de datos e modelización	Prazas ofertadas	Matriculados	Lista de agarda
Modelos Multinivel: unha aproximación ós datos xerárquicos	25	22	0
Investigación cualitativa con el software de análisis de datos ATLAS.ti	20	20	16
Aplicacións de Python ao tratamento da linguaxe natural	20	20	16
Tratamento, procesado e dixitalización de textos en formato imaxe para a súa catalogación, marcaxe e etiquetado	40	37	1
Metodoloxía en investigación social (Nivel Básico)	10	10	67
Metodoloxía en investigación social (Nivel Avanzado)	10	10	17
Técnicas de colecta e análise de datos cualitativos en Ciencias Sociais	21	21	28
Análisis Cualitativo Comparado (QCA): Fundamentos e casos prácticos	29	28	0
Introdución ao uso da ferramenta Sketchengine	25	24	0
Técnicas de colecta e análise de datos cualitativos en turismo	43	20	0
How to Do Good Empirical Work. Writing, Presenting and Publishing Papers	36	35	1
MÓDULO: Seminarios e conferencias de Artes e Humanidades-Ciencias Sociais e Xurídicas.	Prazas ofertadas	Matriculados	Lista de agarda
Appearance & Reality. Old and new (compatibilist) ways out of Moorean Arguments	20	11	0

ND: Non dispoñible

Neste curso 2020/2021 e como novidade, as actividades formativas transversais pasaron tamén a ser recoñecidas como cursos de innovación e formación docente (PFID).

Ademais, o alumnado con contratos predoutoriais obtidos por convocatoria competitiva tamén puido ter acceso aos cursos ofertados ao Persoal Docente e Investigador (PDI) a través do Programa de Formación e Innovación Docente (PFID) da USC (<https://www.usc.gal/gl/institucional/goberno/area/xestionpersoal/formacion/PFID>).

Por outra banda, durante este curso académico 2020/2021 a EDIUS ofertou por primeira vez un pequeno número de actividades de formación destinadas ao profesorado dos programas de doutoramento (en particular, para titores/as e directores/as de tese) focalizada en aspectos asociados á xestión dos recursos e equipos de traballo e a elaboración de materiais e contidos dixitais para a docencia e investigación:

Táboa 4: *Actividades formativas ofertadas pola EDIUS durante o curso 2020/2021 para os profesores dos programas de doutoramento.*

ACTIVIDADES FORMATIVAS PARA PROFESORADO DOS PROGRAMAS	Prazas ofertadas	Matriculados	Lista de agarda
Ferramentas para a creación de contidos audiovisuais para a investigación e a docencia	16	16	17
Taller de xestión de Equipos	20	20	1
Xestión de recursos e benestar emocional dos estudantes de doutoramento: claves para os equipos de dirección	20	6	15

En total, para as actividades ofertadas nas que é necesario realizar un proceso oficial de matrícula ofertáronse un total de 1949 prazas cubríndose 1711, o que supón unha participación do 87.8%. É importante tamén salientar que todas as actividades ofertadas son gratuítas para o alumnado de doutoramento, xa que son financiadas co presuposto da EDIUS.

2) VIII ENCONTRO DA MOCIDADE INVESTIGADORA

Despois de non poder celebrarse no ano 2020 por mor da pandemia de COVID-19, o VIII edición do Encontro da Mocidade Investigadora (EMI) tivo lugar os días 26, 27 e 28 de maio, en Santiago de Compostela, e por primeira vez de xeito telemático polas restricións aínda existentes derivadas do COVID-19. As xornadas tiveron como obxectivo favorecer as dinámicas de colaboración, debate e difusión do coñecemento xerado polos doutorandos/as, non só da USC senón tamén das outras universidades galegas. Neste Encontro participaron case 300 estudantes de doutoramento pertencentes ás 3 universidades galegas e de todos os ámbitos de coñecemento. Contouse, ademais, cunha importante participación de estudantes de Portugal e Latinoamérica que están a desenvolver os seus estudos na USC. Presentáronse un total de 135 comunicacións orais e 68 de tipo póster, e concedéronse tres premios ás mellores comunicacións orais, máis outro ao mellor póster.

IV. DIFUSIÓN, COMUNICACIÓN E TRANSPARENCIA

1) NOVO BOLETÍN ELECTRÓNICO DA EDIUS

En novembro de 2020 publicouse o primeiro número do Boletín Electrónico da EDIUS (*nEDIUS*). Este Boletín significa unha nova forma de comunicación e difusión de carácter mensual para manter á comunidade da Escola actualizada no relativo á información dos estudos de doutoramento: novas relacionadas cos aspectos académicos e administrativos, a oferta de actividades formativas, reunións, encontros e congresos, convocatorias de bolsas, entrevistas con profesores e investigadoras relevantes. *nEDIUS* tamén é un instrumento para difundir ás novas que a comunidade de doutoramento considere relevantes, estando aberto ás propostas de interese que se fagan chegar á Escola e que se consideren de importancia para toda a comunidade da EDIUS.



2) XORNADAS INFORMATIVAS

O día 24 de novembro de 2020 a EDIUS realizou unha xornada informativa para o PAS do apoio dos programas de doutoramento así como para titores e directores/as de tese para informar sobre os cambios e implicacións máis salientables en relación aos requisitos e estrutura das teses de doutoramento e a tramitación do seu depósito e defensa. Nesta xuntanza tamén se fixo especial fincapé nas excepcionais circunstancias que o mundo universitario estaba a vivir pola pandemia da Covid-19 e os cambios aos que houbo que facer fronte para adaptarse ás circunstancias sobrevidas. Máis de 80 persoas asistiron a este evento a través da plataforma virtual Microsoft Teams.

Por outra banda, o 17 de decembro de 2020 tamén se desenvolveu unha xornada similar pero, neste caso, destinada aos doutorandos/as, na que se fixo fincapé naqueles aspectos novidosos derivados da implantación do novo marco normativo no relativo ás súas teses de doutoramento. Neste caso, case trescentos estudantes asistiron a esta xornada a través da plataforma virtual Microsoft Teams.

3) ELABORACIÓN DE VÍDEOS INFORMATIVOS

Neste curso académico, elaborouse unha serie de 3 vídeos explicativos curtos para explicar o proceso de conexión e desenvolvemento das teses telemáticas. Estes vídeos

atópanse dispoñibles na canle de *Youtube* da EDIUS:
<https://www.youtube.com/channel/UCMwoAG41xKGkze4MxgjApKA/featured>



4) CREACIÓN DO PERFIL DA EDIUS NO *LINKEDIN*

Tamén en decembro de 2020, a EDIUS creou un perfil na rede social de ámbito profesional *LinkedIn* co obxectivo de espallar os seus contidos pola comunidade investigadora e universitaria de todo o mundo. Con este perfil en redes sociais, a EDIUS quixo reforzar a nova forma de comunicación e difusión da información desta escola de doutoramento. Neste perfil pódese atopar material e información de utilidade sobre os estudos de doutoramento na USC e todas as actividades da EDIUS.



5) COMUNICACIÓN INSTITUCIONAL

A EDIUS continuou na liña de mellora da información e comunicación pública. Coidouse especialmente a comunicación interna co alumnado, os/as directores de tese e coas coordinacións dos programas de doutoramento por medio das listas específicas de distribución mediante as que se informou de cuestións relevantes como prazos de presentación de compromisos de supervisión e plans de investigación, avaliacións anuais, mudanzas en diversos procedementos académicos e administrativos, convocatorias diversas, etc.

Tamén se traballou nunha mellora continúa na organización e información pública dispoñible na páxina *web* da EDIUS (por exemplo, coa incorporación dun apartado de preguntas frecuentes, outro dedicado á Calidade e estatísticas, mellora da información sobre actividades formativas, etc.) para facela o máis completa posible e que sirva de referencia informativa para todos os temas relacionados cos estudos de doutoramento.

V. INTERNACIONALIZACIÓN E MOBILIDADE

1) DATOS DA INTERNACIONALIZACIÓN DA EDIUS

A EDIUS desenvolve un intenso labor para favorecer a internacionalización dos estudos de doutoramento. Isto se reflicte, en primeiro lugar, no xa comentado aumento do número de estudantes internacionais (Figura 3).

Esta crecente internacionalización da Escola tamén se reflicte no incremento do número de investigadores/as estranxeiros que dirixen teses ou que forman parte dos tribunais para a súa defensa (Táboa 5).

Táboa 5. *Evolución do número de directores/as de teses e de expertos/as internacionais en tribunais de teses.*

Curso académico	Directores/as de tese ¹	% Directores/as de tese estranxeiros	Número expertos/as estranxeiros	% Expertos/as estranxeiros ²
2016/17	345	7,25	65	18,2
2017/18	478	7,74	117	18,7
2018/19	727	8,94	174	19,5
2019/20	1008	9,03	121	15,5
2020/21	1267	9,39	176	17,8

¹Calculado o numero sen considerar se a mesma persoa dirixe a mais dun doutorando/a.

²Calculado sobre o número total de membros dos tribunais.

Outro elemento básico de promoción da internacionalización é a realización de teses en cotutela internacional. Esta modalidade permite a un doutorando/a efectuar parte da súa investigación nunha universidade estranxeira ou a un doutorando/a estranxeiro levar a cabo parte da súa investigación na USC. A cotutela supón que o doutorando/a terá unha persoa responsable da dirección de tese en cada unha das dúas Universidades participantes na cotutela e que o tempo de preparación da tese se repartirá entre ambas institucións, debendo realizar unha estadía de como mínimo seis meses de duración en cada unha delas. Neste curso 2020/2021 defendéronse 8 teses en cotutela. A Táboa 6 mostra a evolución do número de teses defendidas na modalidade de cotutela desde o curso 2016/2017.

Táboa 6. Teses en cotutela defendidas na USC.

Curso	Total	Artes e Humanidade	Ciencias da Saúde	Ciencias Sociais e Xurídicas	Ciencias Experimentais e Enxeñarías
2016/17	0	0	0	0	0
2017/18	2	0	2	0	0
2018/19	2	0	2	0	0
2019/20	2	1	1	0	0
2020/21	8	1	3	0	4

Cada cotutela de tese desenvólvese no marco dun convenio específico entre as dúas Universidades participantes, conforme ao principio de reciprocidade. En virtude do convenio, cada institución recoñecerá a validez da tese de doutoramento defendida nese marco. Aínda que se formaron convenios con universidades de numerosos países, as teses defendidas nesta modalidade neste curso académico realizáronse especialmente con universidades de Italia, Portugal e Brasil.

A realización de estadías en centros de investigación estranxeiros é outra importante vía de internacionalización. Por esta razón paga a pena salientar o aumento notable das teses con mención internacional no título de doutor, acadando neste curso académico un número de 105 teses con esta mención (Táboa 7). Para conseguir esta mención os/as doutorandos/as deben realizar unha estancia mínima de tres meses fora de España nunha institución de ensinanza superior ou centro de investigación de prestixio, cursando estudos ou realizando traballos de investigación. Ademais, a tese deberá ser informada por un mínimo de dúas persoas expertas de institucións académicas non españolas e deberá contar cunha persoa experta estranxeira no tribunal que a xulgue.

Táboa 7. Teses con mención internacional defendidas na USC.

Curso	Total	Artes e Humanidade	Ciencias da Saúde	Ciencias Sociais e Xurídicas	Ciencias Experimentais e Enxeñarías
2016/17	44	7	10	8	18
2017/18	77	9	21	8	39
2018/19	100	15	21	14	50
2019/20	107	28	26	13	40
2020/21	105	18	32	18	37

Como consecuencia da mellora na evolución da pandemia de COVID-19 as estadías de investigación presenciais foron recuperando o seu protagonismo neste curso académico, sendo relegadas as estadías non presenciais a casos moi concretos e específicos nos que as condicións sanitarias dos países de destino non permitían que as estadías se realizasen e estas non puidesen ser aprazadas por circunstancias propias do desenvolvemento das teses e non existisen centros alternativos de destino con persoal experto de recoñecido prestixio no tema da tese co que realizar o traballo de investigación.

2) ACCIÓNS PARA A INTERNACIONALIZACIÓN

A EDIUS celebrou un *webinar* de presentación da súa oferta de doutoramento o día 7 de abril de 2021, enfocado principalmente ao alumnado latinoamericano que aspiraba a realizar a súa tese nalgún dos programas de doutoramento que oferta a USC. Esta iniciativa enmarcouse nas accións de visibilización da oferta formativa de calidade da EDIUS, integrada por programas atractivos e multidisciplinares que permiten obter unha formación completa por medio dun óptimo uso dos recursos humanos e materiais cos que conta a Universidade.

3) CONVOCATORIAS DE MOBILIDADE

As convocatorias de axudas á mobilidade, ferramenta esencial para a internacionalización dos estudos de doutoramento, efectuáronse con relativa normalidade; porén, o desenvolvemento das estadias dependeu das circunstancias específicas dos países de destino.

Así, convocáronse as bolsas de mobilidade para estudos de doutoramento ao abeiro do Programa Erasmus+ International Credit Mobility (KA107) para o curso académico 2020/2021. A finalidade destas axudas era ofrecer ao alumnado de doutoramento a posibilidade de realizar estadias nas universidades participantes no Programa Erasmus+ KA107 coas que a USC ten convenio asinado. Estas universidades están situadas en: Angola, Bosnia, Cabo Verde, China, Colombia, Xeorxia, Irán, Moldavia e Senegal.

Os/as estudantes realizaron unha estadia de investigación para desenvolver un proxecto avalado polo/a seu director/a de tese. A mobilidade debía ter unha duración mínima de 3 meses e máxima de 5, tendo que estar rematada antes do 30 de xullo de 2021. En particular, neste curso académico 3 estudantes fixeron unha estadia na USC ao abeiro deste programa en países como Armenia, Bosnia ou Líbano. Dentro deste Programa a USC recibiu neste curso académico 2020/2021 a 23 estudantes de países como Túnez, Senegal, Rusia, Mali, Exipto, Alxeria ou Irán.

O 4 de abril de 2018 convocáronse as bolsas de mobilidade correspondentes ao Programa Erasmus+ para o alumnado de doutoramento da USC para posibilitar a realización de estadias en países da UE e asociados. Estas bolsas estarán dispoñibles ata o curso académico 2021/2022, cunha duración máximas das estadias de ata 12 meses.

Neste curso académico 2020/2021, 3 estudantes da USC fixeron estadias de investigación dunha duración de entre 3 e 5 meses en Suecia, Hungría, e Portugal a través do programa.

Asemade, a convocatoria de axudas USC – Banco Santander Universidades para o curso 2020-2021 permitiu que un estudante do PD de Dereito fixera unha estadia de investigación de 15 meses na Universidade Federal de Minas Gerais (Brasil).

Por outra banda, dentro do convenio asinado entre a USC e a Fundación Carolina, unha estudante uruguia acadou unha das 35 becas que a devandita fundación outorga para

desenvolver os estudos de doutoramento en universidades españolas. Esta estudante comezou o seu doutoramento na USC en setembro de 2021.

Finalmente, na convocatoria 2020-2021 para estadias de investigación e de prácticas ao abeiro do Programa Iacobus de cooperación e intercambio entre os recursos humanos dos centros de ensinanza superior da Eurorrexión Galicia - Norte de Portugal - Profesores; Investigadores; Persoal de Administración e Servizos (PAS), concedéronse 20 axudas a doutorandos/as da USC para facer estadias en institución educativas e centros de investigación de Portugal, mentres que a USC recibiu a 4 estudantes de doutoramento portugueses.

VI. NORMATIVA

O curso 2020/2021 trouxo unha serie de novidades relevantes no apartado normativo:



1) NOVO REGULAMENTO DE ESTUDOS DE DOUTORAMENTO

Este curso académico estreouse coa entrada en vigor do novo Regulamento dos Estudos de Doutoramento na USC. A nova normativa foi publicada no Diario Oficial de Galicia o 16 de setembro de 2020. Os principais cambios introducidos na normativa que rexe os estudos de doutoramento fan referencia aos nomeamentos e aos cambios da dirección de tese, á tramitación de estadías, ao cómputo de tempo de permanencia nos estudos de doutoramento, aos prazos para cursar os complementos de formación, ao idioma no que pode/debe escribirse a tese e ao formato no que debe presentarse, así coma á identificación das publicacións da/o doutoranda/o que pasan a ser parte da tese, entre outras diversas cuestións de importancia.

2) NOVO REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO DA EDIUS

Asociado ao novo regulamento de estudos de doutoramento, o 30 de setembro de 2020 tamén entrou en vigor o novo regulamento de réxime interno da EDIUS, que recolle a misión e obxectivos da EDIUS, as súas competencias, a súa estrutura e órganos, así coma o lugar dos programas de doutoramento dentro da EDIUS e a súa organización.

3) NOVO CÓDIGO DE BOAS PRÁCTICAS DA EDIUS

Co curso académico 2020/2021 tamén entrou en vigor o novo código de boas prácticas da EDIUS. Este documento fai seu o código de boas prácticas en investigación da USC desenvolvendo unha serie de regras, recomendacións e compromisos para que guíen os membros da Escola de doutoramento nas súas distintas actividades, incluíndo os seus dereitos e deberes, para que se favoreza a calidade da formación integral do alumnado así coma o desenvolvemento dunha actividade científica rigorosa, ética e responsable, sendo un instrumento complementario e non substitutivo das normas legais existentes.

4) IMPACTO COVID

Malia a pandemia de COVID-19, conseguiu-se desenvolver unha intensa actividade docente e investigadora a nivel de doutoramento e superar as dificultades existentes. Para apoiar esta actividade, ademais de tratar de resolver algúns dos atrancos derivados das excepcionais circunstancias sanitarias, tomáronse unha serie de medidas, entre as que destacan as seguintes:

1. Consolidación das defensas telemáticas e semipresenciais de tese, sendo as primeiras outra volta obrigatorias desde finais de xaneiro de 2021 ata abril de 2021 derivado dunha nova vaga de COVID-19.
2. Consolidación da solicitude de depósito de tese de xeito telemático como novo e único procedemento administrativo para iniciar os trámites de defensa da tese.
3. Flexibilización nos requisitos para presentar a solicitude de depósito de tese.
4. Autorización ás CAPDs dos PDs para a validación de estadías virtuais e semivirtuais baixo circunstancias excepcionais polas restricións derivadas do COVID 19 nos países de destino e o atranco que supuña para a obtención da Mención Internacional.
5. Concesións de interrupcións extraordinarias do cómputo de tempo para estudiantado con dificultades para retomar o seu traballo de tese na etapa postconfinamento (25/10/2020 a 31/05/2021).
6. Ampliación do prazo para a entrega dos plans de investigación e informes.
7. Adaptación dunha parte significativa da oferta formativa transversal presencial a telemática.

Destaca tamén a publicación da Lei 2/2021 de 29 de marzo, *de medidas urgentes de prevención, contención y coordinación para hacer frente a la crisis sanitaria ocasionada por el COVID-19*, en cuxa disposición adicional sexta indicábase que *“las entidades que hubieran suscrito contratos de trabajo (...) podrán prorrogar la vigencia de los mismos (...) por un periodo máximo de 5 meses”*. En relación cos doutorandos/as contratados da USC, a Vicerreitoría de Investigación indicou que se concederían prórrogas de ata cinco meses segundo os casos, sumándose a EDIUS (de acordo co permitido por dita Lei) a posibilitar -en caso necesario- que os doutorandos/as con contratos prorrogados puideran depositar a tese á finalización dos seus contratos facendo uso, de ser necesario, de concesión de interrupcións extraordinarias do cómputo do tempo derivadas da pandemia de COVID-19.

VII. RELACIÓNS INSTITUCIONAIS

1) XORNADAS DE BENVIDA AO ALUMNADO

No curso 2020/2021 realizáronse dúas xornadas de benvida ao alumnado de doutoramento desde a EDIUS xusto ao remataren os dous prazos de admisión en matrícula nos estudos de doutoramento. A primeira tivo lugar o 16 de outubro de 2020 e a segunda o 17 de marzo de 2021 en formato mixto, isto é, presencialmente na Aula 1 da Facultade de Económicas e no edificio EDIUS (antigo CEA) do campus Norte de Santiago de Compostela, respectivamente, e de modo virtual a través da plataforma TEAMS.

Nestas xornadas, ademais de explicar en detalle como funciona a EDIUS e recordar os dereitos e obrigas que asumen os doutorandos/as e os titores e directores/as, revisáronse os cambios normativos derivados da implantación do novo Regulamento de Estudos de Douroramento que, tal e como se indicaba na súa disposición derradeira, entraba en vigor no curso 2020/2021, logo da súa aprobación polo Consello de Goberno da USC e a súa publicación no DOG. Explicouse tamén o funcionamento da EDIUS e os pasos a dar polo alumnado que acaba de incorporarse, especialmente no referente á necesidade de asinar o compromiso de supervisión documental, a elaboración coas persoas responsables da dirección das teses dos plans de investigación, etc. Ademais, aclaráronse todas as dúbidas expresadas polo alumnado participantes sobre diversos procedementos e actividades académicos a seguir.

2) XUNTANZAS CON REPRESENTANTES E ASOCIACIÓNS DO ALUMNADO DE DOUTORAMENTO

Á parte da propia renovación das e dos representantes electos do alumnado de doutoramento no Comité de Dirección da EDIUS a través das elección realizadas o día 29 de abril de 2021 (ver sección 4 deste epígrafe), durante este curso académico potenciouse o contacto e a relación co alumnado da Escola a través de diversas xuntanzas entre a dirección da EDIUS e as/os representantes e asociacións dos doutorando/as. Nelas tratáronse diversas cuestións como a mellora da oferta formativa transversal da EDIUS; a mellora de as axudas para estadías e congresos; o apoio da EDIUS para que o alumnado dispoña dos medios necesarios para o desenvolvemento da investigación; a posible posta en marcha dun plan de apoio psicolóxico para a comunidade estudiantil; a prórroga da data de depósito da tese polos prexuízos ocasionados pola pandemia no avance das teses; o impulso á vacinación contra a COVID-19; o recoñecemento das actividades transversais ofertadas pola EDIUS como actividades do Programa de Formación e Innovación Docente da USC (PFID), etc.

3) CONVOCATORIA AUTONÓMICA DE DOUTORAMENTOS INDUSTRIAIS

As relacións coas empresas constitúen un ámbito de importancia crecente, consecuencia da función de transferencia á sociedade propia dos estudos de doutoramento mediante a formación de persoal investigador competente que poida incorporarse aos sistemas de I+D+i, algo que acontece cada vez con máis frecuencia fóra do mundo académico tradicional. A realización de doutoramentos industriais é unha excelente vía para fomentar as relacións coas empresas, para o que é preciso que o/a doutorando/a participe nun proxecto de investigación industrial ou de desenvolvemento experimental nunha empresa ou Entidade Pública na que ten que estar contratado e coa que, a miúdo, hai que firmar un convenio.

Para dar cobertura a esta tipoloxía de tese, durante o curso 2020/2021 a dirección da EDIUS traballou man con man coa Axencia Galega de Innovación (GAIN) e a Secretaría Xeral de Universidades para poñer en marcha e redactar a primeira convocatoria competitiva pública do Programa de Doutoramentos Industriais de Galicia que se inaugurará a primeiros de outubro de 2021.

Por outra banda, neste curso académico 2020/2021 aprobáronse dous convenios para a realización de doutoramentos industriais, un no marco dun contrato outorgado a través de convocatoria nacional de doutoramentos industriais.

4) XUNTANZAS DOS ÓRGANOS COLEXIADOS DA EDIUS

O Comité de dirección da EDIUS, máximo órgano de goberno da Escola de Doutoramento, foi convocado durante o curso 2020/2021 nas datas seguintes:

- 11 de setembro de 2020
- 6 de xuño de 2021
- 30 de xuño de 2021
- 29 de xullo de 2021

A Comisión de Calidade reuniuse nas seguintes datas:

- 11 de setembro de 2020
- 9 de outubro de 2020
- 26 de outubro de 2020
- 27 de novembro de 2020
- 12 de abril de 2021
- 22 de abril de 2021
- 30 de abril de 2021
- 6 de maio de 2021
- 11 de maio de 2021
- 20 de maio de 2021
- 11 de xuño de 2021

Finalmente, a Comisión Executiva da Escola, como órgano encargado de resolver as cuestións de trámite académico e administrativo, mantivo as seguintes xuntanzas:

- 4 de setembro de 2020
- 11 de setembro de 2020
- 17 de setembro de 2020
- 25 de setembro de 2020
- 9 de outubro de 2020
- 23 de outubro de 2020
- 6 de novembro de 2020
- 20 de novembro de 2020
- 4 de decembro de 2020
- 18 de decembro de 2020
- 5 de xaneiro de 2021
- 22 de xaneiro de 2021
- 5 de febreiro de 2021
- 12 de febreiro de 2021
- 26 de febreiro de 2021
- 12 de marzo de 2021
- 25 de marzo de 2021
- 9 de abril de 2021
- 23 de abril de 2021
- 7 de maio de 2021
- 21 de maio de 2021
- 3 de xuño de 2021
- 18 de xuño de 2021
- 2 de xullo de 2021
- 16 de xullo de 2021
- 30 de xullo de 2021

VIII. PROCESOS ELECTORAIS E TRANSPARENCIA

1) RENOVACIÓN DAS COMISIÓNS ACADÉMICAS DOS PROGRAMAS DE DOUTORAMENTO (CAPDs)

Como consecuencia da implantación do novo Regulamento de Estudos de Doutoramento e do Regulamento de Réxime Interno da EDIUS, foi preciso proceder á renovación de todas as CAPDs dos programas de doutoramento da USC para adaptalas á composición indicada na normativa. Este proceso realizouse ao longo do curso 2020/2021 e rematou o 20 de abril de 2021.

2) ELECCIÓN DAS PERSOAS REPRESENTANTES NO COMITÉ DE DIRECCIÓN DA EDIUS

Para a consolidación definitiva da estrutura de goberno da EDIUS, en abril de 2021 convocáronse as eleccións dos e das representantes no Comité de Dirección da EDIUS de:

- Persoal Docente e Investigador (PDI) vencellado a programas de doutoramento adscritos á EDIUS.
- Estudantado matriculado nos programas de doutoramento adscritos á EDIUS.
- Persoal de Administración e Servizos (PAS) que desenvolve a súa actividade na EDIUS.

A votación realizouse o día 29 de abril de 2021. As persoas elixidas foron:

- Sector alumnado de doutoramento
 - i) Ciencias da Saúd
 - Laila Al-Soufi-Novo
 - Alicia López Bruzos
 - Ismael Hernández Núñez
 - Damián Dasilva Martínez
 - Valentín Estévez Souto
 - Beltrán Puentes Cociña
 - ii) Ciencias Sociais e Xurídicas
 - Belén Rodríguez Souto
 - Fernando de la Torre Cuevas
 - Andrei Quintiá Pastrana
 - Anais Quiroga Carrillo
 - Laura García Docampo

- iii) Artes e Humanidades
 - Noelia Pérez Martínez
 - Iago Castro Táboas
 - Miguel Guisantes Alonso
 - Manuel Borobio Sanchiz
 - Irina Freixeiro Ayo
- iv) Ciencias e Enxeñarías
 - María Ferreiro Subrido
 - Beatriz Álvarez Díaz
 - David Chapela de la Campa
 - David Mosquera Lois
 - Sara Illodo Brea
 - Álvaro Ordóñez Iglesias
- Sector Persoal Docente e Investigador
 - María del Rosario Rodil Rodríguez (Ciencias e Enxeñarías)
 - Gerardo Prieto Estévez (Ciencias e Enxeñarías)
 - María Teresa Fanego Lema (Artes e Humanidades)
 - María del Carmen Villarino Pardo (Artes e Humanidades)
 - Jesús Pino Mínguez (Ciencias da Saúde)
 - Carlos Alberto García González (Ciencias da Saúde)
 - María del Carmen Sánchez Carreira (Ciencias Sociais e Xurídicas)
 - Ana Isabel Rodríguez Vázquez (Ciencias Sociais e Xurídicas)
- Sector Persoal de Administración e Servizos
 - Carolina López Gómez

3) ELECCIÓN Á DIRECCIÓN DA EDIUS

O día 30 de xuño de 2021 celebráronse as eleccións á dirección da EDIUS. O profesor Pablo Taboada, anterior director comisario da EDIUS, resultou elixido na votación realizada entre os membros do Comité de Dirección da Escola, con 42 votos a favor e un branco. Acompáñano na [dirección da Escola](#):

- Subdirector de Ciencias e Enxeñarías: Prof. Marco Eugenio Vázquez Sentís
- Subdirectora de Artes e Humanidades: Prof. Dolores Vilavedra Fernández
- Subdirector de Ciencias Sociais e Xurídicas: Prof. José Miguel Túñez López
- Subdirector de Ciencias da Saúde: Prof. Juan Bautista Zalvide Torrente
- Secretaria da EDIUS: Prof. Eva Rodil Rodríguez

IX. XESTIÓN ADMINISTRATIVA

1) CERTIFICACIÓNS ELECTRÓNICAS RELATIVAS AOS ESTUDOS DE DOUTORAMENTO

Implementouse neste curso a posibilidade de solicitar e obter os certificados relativos aos estudos de doutoramento por medio da Secretaría Virtual. Os que están dispoñibles. son:

- Dirección e titorización de teses defendidas na USC (posteriores a xullo 2008).
- Dirección e titorización de teses pendentes de defensa de doutorandos/as matriculados no curso actual.
- Membros da Comisión Académica do Programa de Doutoramento (CAPD)
- Membro de tribunal dunha tese.

2) LISTA DE VERIFICACIÓN (CHECKLIST)

The image shows a screenshot of a web-based checklist titled 'Checklist de la Tesis'. The form is organized into several sections with blue headers: 'Datos de la Tesis', 'Datos del autor/a', 'Datos del director/a', 'Datos de la publicación', and 'Datos de la tesis'. Each section contains a grid of checkboxes and text boxes for recording information. The 'Datos de la tesis' section includes fields for 'Tipo de tesis', 'Idioma', 'Resumen', 'Declaración de autor/a', 'Declaración de director/a', 'Permisos de reproducción', and 'Aspectos formais'. The 'Datos de la publicación' section includes fields for 'Revista', 'Año', 'Número', 'Páxinas', 'Autor/a', 'Director/a', 'Permisos de reproducción', and 'Aspectos formais'. The 'Datos de la tesis' section includes fields for 'Tipo de tesis', 'Idioma', 'Resumen', 'Declaración de autor/a', 'Declaración de director/a', 'Permisos de reproducción', and 'Aspectos formais'. The 'Datos de la publicación' section includes fields for 'Revista', 'Año', 'Número', 'Páxinas', 'Autor/a', 'Director/a', 'Permisos de reproducción', and 'Aspectos formais'.

Para evitar atrancos e atrasos no período de tramitación da defensa da tese, a EDIUS ultimou unha lista de verificación (*checklist*) que permite aos doutorandos/as e a titores/as e directores/ as facer unha autoavaliación da súa tese antes de proceder ao seu depósito. Nesta lista de verificación inclúese un apartado xeral coas pautas a cumprir por todas as teses: elementos de portada, idioma, resúmenes necesarios, declaracións de autor/a e director/a, permisos de reprodución dos gráficos e imaxes, etc. Tamén existe un apartado centrado en aspectos formais segundo a modalidade de tese: monográfica, monografía con reprodución parcial de artigos derivados da tese, ou compendio de publicacións (datos das publicacións, autorización de reprodución das revistas nas que estean publicados, indicacións bibliométricas, etc.), así como as particularidades que se dan nalgúns áreas, como a de Ciencias da Saúde: aprobación do comité de ética se a investigación implica seres humanos e/ou animais, requisitos das que describen un ensaio clínico, ou nas que usan células troncais humanas, embrionarias ou inducidas.

Esta dispoñible no despregable. *Estudiante*, dentro do apartado de *Formularios* da web da EDIUS.



X. XESTIÓN DA CALIDADE

Como se comentou anteriormente, neste curso académico 2021/2021 recibíronse informes favorables para a renovación da acreditación dos programas de doutoramento de Enxeñaría Química e Ambiental, Investigación Básica e Aplicada en Ciencias Veterinarias, e Matemáticas, que se presentaron á convocatoria piloto de acreditación durante o curso anterior.

Ademais, procedeuse a avaliación externa dos programas de doutoramento. En concreto, elaboráronse os informes de renovación da acreditación de 40 programas de doutoramento e realizáronse as visitas de parte das comisións de avaliación da ACSUG. Ademais, os programas de Enxeñaría Química e Ambiental, Investigación Básica e Aplicada en Ciencias Veterinarias, e Matemáticas modificaron as súas memorias de verificación como consecuencia das recomendacións dadas nos respectivos informes finais de acreditación.

Durante o curso 2020/2021 a calidade dos estudos de doutoramento foi tamén avaliada de xeito interno aplicando os instrumentos habituais, a saber: 1. Enquisa ao alumnado dos programas de doutoramento; 2. Enquisa ao profesorado dos programas de doutoramento.

1) ENQUISAS DE SATISFACCIÓN

As enquisas de satisfacción de alumnado e profesorado dos programas son un instrumento clave do sistema de calidade, aínda que a participación dos distintos colectivos é máis ben escasa, polo que ata o momento non se poden considerar como estatisticamente significativas. As enquisas para cada PD estarán proximamente dispoñibles nas páxinas propias de cada programa.

Paga a pena mencionar a este respecto que os datos, en termos xerais e a nivel de programa, mostran unha mellora progresiva na valoración dos estudos de doutoramento tanto por parte do alumnado coma do profesorado. Polo que respecta ao primeiro, salienta especialmente a alta consideración da utilidade das estadías realizadas. Tamén merece resaltar a mellora notable na percepción dos resultados científicos obtidos polo alumnado, algo xeneralizado en todas as ramas de coñecemento. Isto suxire que os doutorandos/as cada vez publican máis e teñen unha participación máis activa en congresos, seminarios ou conferencias, aínda que existe unha marxe de mellora neste aspecto. Tamén hai marxe de mellora en relación co desenvolvemento das teses. En todo caso obsérvase unha satisfacción xeral elevada do alumnados cos programas e coa Escola, aspectos nos que hai que incluír o traballo dos directores/as.

As respostas dos profesorado dos programas, así coma das persoas responsables da dirección de teses e da titorización ás enquisas realizadas ata agora indican un paulatino crecemento da súa satisfacción respecto ás cuestións organizativas propias dos estudos de doutoramento. A valoración da calidade da información dispoñible, da *web* da Escola, da xestión administrativa e das relacións coa EDIUS mellorou moito, o que indica que están a producir efecto todas as melloras introducidas neses aspectos: isto constitúe un estímulo para seguir a traballar nesa liña. Algo semellante pode sinalarse en relación coa valoración das actividades formativas, cuxa importancia foi callando tamén entre os directores/as. Isto é moi positivo pola influencia que estes teñen para que o alumnado as curse e, deste xeito, mellore a súa formación e a súa competencia investigadora. Por outra banda, os directores/as son tamén conscientes da precariedade das axudas coas que o alumnado conta. Por último, cómpre salientar a satisfacción dos distintos colectivos da comunidade académica da Escola cos programas no seu conxunto.

2) RENOVACIÓN DA ACREDITACIÓN DOS PROGRAMAS DE DOUTORAMENTO

Durante o curso académico 2020/2021 levouse a cabo a renovación da acreditación de 39 programas de doutoramento ofertados nos que a USC é a institución responsable ou coordinadora:

- Avances e novas estratexias en Ciencias Forenses
- Avances en Bioloxía Microbiana e Parasitaria
- Biodiversidade e Conservación do Medio Natural
- Ciencia de Materiais
- Ciencia e Tecnoloxía Química
- Ciencias Odontolóxicas
- Comunicación e Información Contemporánea
- Dereito
- Desenvolvemento Rexional e Integración Económica
- Economía e Empresa
- Educación
- Endocrinoloxía
- Enerxías Renovables e Sustentabilidade Enerxética
- Enxeñaría para o Desenvolvemento Rural e Civil
- Epidemioloxía e Saúde Pública
- Estatística e Investigación Operativa
- Estudos Culturais
- Estudos da Literatura e da Cultura
- Estudos Ingleses Avanzados
- Estudos Medievais
- Filosofía
- Física nuclear e de partículas
- Historia, Xeografía e Historia da Arte
- Innovación en Seguridade e Tecnoloxías Alimentarias
- Investigación Agraria e Forestal

- Investigación Clínica en Medicina
- Investigación e Desenvolvemento de Medicamentos
- Investigación en Tecnoloxías da información
- Láser, Fotónica e Visión
- Lingüística
- Marketing Político
- Medicina e Sanidade Veterinaria
- Medicina Molecular
- Medio Ambiente e recursos naturais
- Métodos Matemáticos e Simulación Numérica en Enxeñaría e Ciencias Aplicada
- Neurociencia e Psicoloxía Clínica
- Procesos Psicolóxicos e Comportamento Social
- Psicoloxía do Traballo e as Organizacións, Xurídica-Forense e do Consumidor e Usuario.
- Xestión Sustentable da Terra e do Territorio

O proceso supuxo un intenso traballo para preparar unha ampla documentación referida ao período transcorrido entre os cursos 2013/2014 e 2019/2020. O complexo proceso supuxo un desafío para as numerosas instancias involucradas: coordinacións de programas, comisións académicas, persoal administrativo de apoio dos programas, persoal e equipo de dirección da EDIUS, xunto con outras instancias da Universidade como a Área de Mellora da Calidade e dos Procedementos (ACMP). Este proceso comezou cunha convocatoria piloto durante o curso 2019/2020 na que os programas de doutoramento de Enxeñaría Química e Ambiental, Investigación Básica e Aplicada en Ciencias Veterinarias, e Matemáticas elaboraron os seus autoinformes e recibiron as visitas das comisións de avaliación. Deste xeito, púidose monitorizar o proceso de acreditación, identificando puntos do proceso susceptibles de mellora e simplificación que permitisen un proceso de acreditación algo máis sinxelo para un volume de programas de doutoramento a avaliar moito máis elevado.

Entre outubro de 2020 e maio de 2021 os programas anteriores elaboraron os seus autoinformes e recompilaron as evidencias nas que estes se sustentaban, seguindo as directrices técnicas da ACMP e da EDIUS. A última etapa consistiu nas visitas virtuais dos paneis avaliadores que se desenvolveron desde xaneiro, comezando pola Escola de Doutoramento, e ata o mes de xullo para unha parte dos programas involucrados, mentres que para os restantes as visitas terán lugar a partir de setembro de 2021.

Unha vez realizadas as visitas e feita a avaliación, acadaron a renovación da súa acreditación os seguintes programas:

- Avances e novas estratexias en Ciencias Forenses
- Ciencias Odontolóxicas
- Dereito
- Economía e Empresa
- Educación
- Endocrinoloxía
- Estudos Culturais

- Estudos Ingleses Avanzados
- Investigación Clínica en Medicina
- Investigación e Desenvolvemento de Medicamentos
- Marketing Político
- Medicina e Sanidade Veterinaria
- Medicina Molecular
- Neurociencia e Psicoloxía Clínica
- Psicoloxía do Traballo e as Organizacións, Xurídica-Forense e do Consumidor e Usuario



EDIUS

MEMORIA 2021



ESCOLA INTERNACIONAL DE DOUTORAMENTO

